

IV Xornada de Outono 2009

Continuando coas reunións que desde fai uns anos veñen convocándose para reflexionar sobre diferentes aspectos da Sociedade e da Atención Primaria en Galicia, celebrouse o día 21 de novembro a IV Xornada.

Constituíronse tres mesas de reflexión sobre a situación dos Grupos de Traballo de AGAMFEC, a situación do Plan de Mellora e a estrutura dos Congressos da Sociedade.

As principais **CONCLUSIÓNS** das diferentes mesas resúmense a continuación:

Plan de Mellora:

- Considérase que a Administración está intentando atrasar o cumprimento dos acordos asinados no seu momento.
- Entendemos que este é un compromiso de alto nivel que compromete á Administración independentemente da súa cor política.
- AGAMFEC mantén a súa convicción da vixencia do Plan e entende que é necesario continuar cos procesos de mellora do equipamento, plans de saúde previstos (muller, tabaco, TAO,...), desburocratización da consulta (IANUS, e-receita, IT,?).
- Igualmente é necesario seguir mellorando en RRHH (TIS/MdF, % de MdF con máis de 2000 TIS), e vixiar o investimento en Atención Primaria (excluíndo farmacia) sobre o total do orzamento sanitario.

Congresos de AGAMFEC:

- O Congreso anual segue sendo un punto de encontro moi importante para a Sociedade e para os seus asociados que é necesario manter e mellorar no posible.
- Existe unha maior dificultade á hora de organizar os Congressos da Sociedade, fundamentalmente por motivos económicos.
- Desde a JD presentárase unha proposta de reorganización do Congreso con vistas a conseguir a viabilidade económica, respectando a independencia e a calidade científica das reunións.
- Acordouse pór a punto os Manuais do Comité Organizador e do Comité Científico.

Grupos de Traballo:

Nesta reunión presentouse o Dossier de Talleres dos grupos de traballo de AGAMFEC. Nel reflíctense as diferentes actividades de formación que os grupos de traballo ofrecen ao médico de familia e tamén a outros profesionais sanitarios e poboación xeral. Esta é unha ferramenta fundamental para poder promocionar adecuadamente a actividade dos profesionais que constitúen os diferentes grupos.

Entre as conclusións desta mesa merece a pena destacar a necesidade de impulsar a actividade dos Grupos de Traballo, tanto na súa relación coa propia AGAMFEC como na relación con outros organismos, como SERGAS, UDD, Universidade, etc. Así mesmo, repasáronse e propuxeron diversas modificacións nas normas de funcionamento dos Grupos de Traballo. Acordouse celebrar a I Xornada de Grupos de Traballo AGAMFEC o 23 de xaneiro de 2010, en Santiago de Compostela.

--o0o--